

Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do 20 de xaneiro do 2016

CONCELLEIROS ASISTENTES:
Yolanda Bouzas Alfonsín.
José Pedro Cambón Fernández.
José Luis Sampedro Bouzas.
Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.00 horas do día 20 de xaneiro de 2016, reuníronse en primeira convocatoria os señores concelleiros membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º.- Acta anterior correspondente ao día 5 de xaneiro de 2016.
- 2º.- Comunicacions previas (obra menor).
- 3º.- Licenza de primeira ocupación.
- 4º.- Licenza de segregación.
- 5º.- Licenza de obra maior.

PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 5 DE XANEIRO DE 2016.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 5 de xaneiro de 2016.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA REGUEIRO GRELA, con domicilio en Gundín 21, Os Ánxeles, na que comunica que vai reparar un tramo de peche da súa finca de Gundín 21, Os Ánxeles, con fronte ao camiño que vai a Tembra. O tramo de peche ten 25 metros de lonxitude e as obras consisten en reparar a base do peche (a cal está desplomada) e endereitar os postes, deixando o mesmo tal e como estaba.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSE LUIS MILAN DOPICO, con domicilio en Guitiande 12, Os Ánxeles, na que comunica que vai abrir un oco sobre o peche existente no fronte da parcela de Guitiande 12, Os Ánxeles.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSE RAMON VIEIRO NOGUEIRA, con domicilio no Casal 4, Brión, na que comunica que vai construír un peche de 20 metros de lonxitude a base de postes de cemento e arameira, no Casal, Brión. O peche retranquearase a 4 metros do eixo da estrada que conduce á aldea e terá unha altura máxima de 1,20 metros medidos sobre a rasante do terreo.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por BELEN LOPEZ MEIRAMA, con domicilio na Urbanización Balado 36, baixo C, Os Ánxeles, na que comunica que vai pavimentar con baldosa a terraza dianteira da vivenda da Urbanización Balado 36, baixo C, Os Ánxeles, de 12 m² de superficie.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-3 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

TERCEIRO.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARIO GONZALEZ FERNANDEZ, con domicilio en Forxán 17, Viceso, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar no lugar de Forxán 17, Viceso.

Con data 07/07/2006 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a María del Carmen Guillén Iglesias, para a construción dunha vivenda unifamiliar.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal e do informe favorable emitido polo asesor xurídico urbanístico do concello e do certificado final de dirección de obra do arquitecto Alfredo Varela Nogueira, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 14/10/2015, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

CUARTO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ALFREDO BARREIRO SEIJAS, con domicilio en Pereiro 26, Obre, Noia, de solicitude de licenza de segregación da finca 575 de concentración parcelaria dos Ánxeles, no lugar de Guisande, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Marcos Cao Saiz, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas da Coruña o 22/12/2015.

Descrición da parcela orixinal:

Parcela 575 de concentración parcelaria dos Ánxeles.

Referencia catastral: 6531402NH2463S0001XR.

Superficie: 5.445 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural de expansión (NRL-2).

Lindes:

Norte: estrada.

Sur: José Pérez Reinoso (574).

Leste: estrada.

Oeste: Concepción Casal Iglesias (577) e Manuela Tomé Lorenzo e outros (578).

Inscrita no Rexistro da Propiedade de Negreira.

Segregación pretendida:

Resto da parcela matriz

Superficie: 2.723 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural de expansión (NRL-2).

Lindes:

Norte: estrada.

Sur: José Pérez Reinoso (574).

Leste: estrada.
Oeste: porción segregada.

Parcela segregada.

Superficie: 2.722 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural de expansión (NRL-2).

Lindes:

Norte: estrada.

Sur: José Pérez Reinoso (574).

Leste: resto da finca matriz (*).

Oeste: Concepción Casal Iglesias (577) e Manuela Tomé Lorenzo e outros (578).

(*) Detéctase un erro material da descrición do linde leste da denominada parcela segregada, posto que na memoria do proxecto presentado figura de xeito erróneo e como linde o seguinte: "linde leste: estrada". Sen embargo, no plano nº3, onde se describen as parcelas resultantes a descrición do linde é correcta e axústase á indicada no informe técnico do arquitecto municipal, é dicir, linde leste: resto da finca matriz.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade cos informes favorables do arquitecto municipal e do asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, informando ao interesado que no caso de que se pretendan construír novas edificacións nas parcelas segregadas, de conformidade co indicado nos artigos 24 e 171 da Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, deberá ceder os terreos afectados pola traza viaria.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

QUINTO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por JOSE VAZQUEZ CASTRO, con domicilio en Travesía de Fontaldeiro nº1, baixo, Bertamiráns, Ames, de solicitude de licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Coruxido 53, Bastavales, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Agustín Concheiro Riande, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 23/12/2015 e documentación complementaria presentada o 13/01/2016 (r.e.123), e o 15/01/2016 (r.e.174).

A parcela onde se pretenden executar as obras sitúase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº8, NRL-2, núcleo rural tradicional.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro e sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Agustín Concheiro Riande, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 23/12/2015 e documentación complementaria presentada o 13/01/2016 (r.e.123).
- As obras que se executen sen licenza ou inobservancia das súas condicións, serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas, en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 197.1 da LOUGA: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra desde a concesión da licenza.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este encargo, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os

apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder, en calquera caso, o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía da urbanización, entendendo por tal a conexión cos servizos urbanos existentes (rede de abastecemento) na fronte da parcela, e mesmo sobre as oportunas reposicións das infraestruturas afectadas, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Esta licenza non é válida para a execución dos muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude de licenza a tales efectos.
- Consonte co artigo 172 da LOUGA deberá conectar a edificación coas redes de servizo existentes no núcleo rural ou nas súas proximidades. De non existir estas, deberá resolverse por medios individuais con cargo ao promotor da edificación e co compromiso de conexión cando se implanten os servizos. O incumprimento desta condición comportará a caducidade da licenza, sen dereito a indemnización, e a perda da garantía, quedando prohibido o uso do edificado, sen prexuízo do dereito dos terceiros adquirentes ao resarcimento dos danos e prexuízos no seu caso irrogados.

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe do arquitecto municipal, a aceptación de 58,00 m² para ampliación de viais, previstos no artigo 171 da Lei 9/2002, 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 15 de xaneiro de 2016.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 13.10 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González